



Premio
Mari Luz Morales
Ensaio Sobre o Audiovisual



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

axencia
audiovisual
galega



Ensaio Sobre o Audiovisual

Premio Mari Luz Morales

Muller polifacética que, a pesar de non abandonar nunca a súa actividade de xornalista, tamén escribiu traballos historiográficos ("Historias de la Moda y el vestir" e "Historia del Teatro"), ensaísticos ("Las románticas" e "Alguien a quien conocer"), biográficos ("Edison"; "Madame Curie"), críticos ("Libro de oro de la poesía en lengua castellana") e acompañou todo isto cunha inxente actividade como tradutora.

Obtivo varios premios literarios, en 1956 outorgáronsele as Palmas Académicas de Francia, o Premio Nacional de Teatro en 1965, o Premio D'Ors da Asociación de Prensa no 1970 e o Lazo de Isabel La Católica no 1971.

Volviendo á súa relación co medio cinematográfico, cómpre sinalar que rebordou o marco xornalístico do comentario, a reseña ou a crítica. En 1932 aparece entre os relatores do histórico ciclo de conferencias que se celebrou entre o 27 de febreiro e o 9 de abril na Universidade de Barcelona, evento importante que supuxo a entrada do cinema no eido universitario. En xullo do 36 foi eleixida como directora de La Vanguardia la primeira muller directora dun xornal en España, polo que pasará a ser coñecida como "A Grande Señora da Prensa", un cargo polo que será encarcerada no ano 1940.

En 1921, Mari Luz Morales entra a colaborar no xornal La Vanguardia, e pasa a formar parte da redacción en 1924, para se encargar da sección "Vida cinematográfica", que asinaba co alcume de Félix Centeno. Ao longo da súa vida tamén publicou outros xornais como o Diario de Barcelona, El Noticiero Universal e La Hoja del Lunes barcelonesa, e en El Sol madrileño. Neste último lanzou escritos políticos nos que se reflicían o seu apoio ás causas feministas e galeguistas, chegando a impartir conferencias, ser representante de asociacións culturais galegas e a participar activamente nos actos organizados en Barcelona en xullo do 36 con motivo da aprobación do Estatuto Galego.

Trasladouse sendo moi nova desde a súa Coruña natal a Barcelona, cidade na que se formou intelectualmente: cursou estudos no Institut de Cultura per la Dona e seguiu a carreira de Filosofía e Letras na Universitat Nova. De seguido, iniciou a súa carreira xornalística nas páxinas da publicación semanal barcelonesa El Hogar y la Moda, publicación da que habería ser directora. Deste xeito comezaba así unha das biografías máis peculiares e salientábeis -na actualidade moi esquecida- no eido da escrita xornalística, literaria e ensaística feminina galega ao longo do século XX, na que a relación coa arte cinematográfica habería ser determinante.

Mari Luz Morales Godo | A Coruña, 1898 - Barcelona, 1980

Bases | Premio Mari Luz Morales

Obxecto

A Consellería de Cultura e Deporte, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia, convoca o Premio "Mari Luz Morales" á escrita de ensaios breves sobre o audiovisual.

Baixo o nome desta galega senlleira, que ademais de ser unha pioneira na crítica cinematográfica na Península, foi unha figura destacada na defensa política do galeguismo e dos dereitos da muller, preténdese fomentar a investigación arredor do ámbito audiovisual desde unha perspectiva tanto galega como universal.

Participantes

Poderán participar no concurso todas as persoas que o desexen, con orixinais inéditos, escritos en lingua galega e non premiados con anterioridade.

Premios

Establécense dúas categorías de premios:

- Audiovisual mundial: ensaios sobre calquera aspecto relacionado co audiovisual no mundo.
- Primeiro premio: 2000 €
 - Segundo premio: 1500 €
 - Terceiro premio: 1000 €

Audiovisual galego: ensaios sobre calquera aspecto relacionado co audiovisual galego.

- Primeiro premio: 2000 €
- Segundo premio: 1500 €
- Terceiro premio: 1000 €

Os premios outorgaranse aos ensaios que destaquen polo seu rigor e orixinalidade. Baixo esta premisa valorarase os textos que exerciten unha mirada propia e singular sobre a expresión audiovisual.

Obras

A realización dos textos non está suxeita a ningunha prescrición de enfoque ou metodoloxía, máis deberán cumprir coa condición temática xa sinalada.

Os autores poderán participar en ambas as dúas categorías, podendo presentar o número de traballos que consideren.

Presentación

A extensión dos textos deberá ter un mínimo de 50.000 caracteres, ou o que é o mesmo, 20 páxinas e un máximo de 125.000 caracteres, é dicir, 50 páxinas. As notas ao pé de páxina deberán respectar o sistema europeo.

O texto levará unha primeira páxina que conteña os seguintes datos: título do ensaio, nome do autor, liña a que se presenta (municipal ou galega), data de nacemento, DNI, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono de contacto, así como un pequeno resumo do ensaio, cunha extensión máxima de 600 caracteres, que non se computarán no total do traballo.

Envío e prazos de entrega

Os traballos serán enviados por correo electrónico en arquivo adxunto no que conste

como asunto "Premio Mari Luz Morales", ao seguinte enderezo:

audiovisual.cultura@xunta.es.

O período de presentación será desde o 1 de decembro de 2006 ata o 15 de abril de 2007.

Xurado

A comisión de valoración estará formada por tres investigadores no ámbito do audiovisual.

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer durante o mes de maio do 2007. Os premios poderán quedar desiertos.

Publicación

Os ensaios galardoados iranse publicando ao longo do vindeiro ano 2007 na páxina web da Axencia Audiovisual Galega:

<http://www.axenciaaudiovisualgalega.org>

A Consellería de Cultura e Deporte disporá dos dereitos das obras premiadas, quedando obrigados os autores a outorgar o documento oportuno, se así se require, para a debida constancia pública da cesión destes dereitos.

O resto dos ensaios non premiados poderán ser publicados tamén na web, previa autorización dos seus autores.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases, e as obras que non cumpren o establecido nelas serán excluídas.

Información

Axencia Audiovisual Galega

Rúa da Angustia, 2, baixo
15703 Santiago de Compostela

Tel: (+34) 981 577 948
981 575 000
981 577 829
881 975 948

Fax: (+34) 881 031 092

E-mail: audiovisual.cultura@xunta.es

<http://www.axenciaaudiovisualgalega.org>

